

NA LEMBRANZA DOS DEFUNTOS



Na Unidade Pastoral d'Os Cotos

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 1º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Mateo

Mt 27, 57-61

Á tardiña chegou un home rico de Arimatea chamado Xosé, que tamén era discípulo de Xesús. Foi onda Pilato e pediulle o corpo de Xesús. Pilato mandou que llo entregasen.

Collendo o corpo envolveuno nunha saba limpa e púxoo no seu propio sepulcro novo, que tiña cavado nunha rocha; e, facendo rolar unha grande lousa na entrada do sepulcro, foise. Estaban alí María Madalena e a outra María, sentadas fronte ao sepulcro.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Señor, Xesús: Ti prometiches que onde dous ou máis se xuntasen pra orar no teu nome, serían escoitados na súa oración. Confiados na túa palabra, presentámoslle ao Pai as súplicas desta comunidade, reunida aquí pra pedir polos fieis defuntos. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Que a nosa visita ao cemiterio che sexa agradable, coma a do teu Fillo Xesús ao sepulcro de Lázaro. Oremos

* Que o coidado das sepulturas dos nosos mova o teu corazón á misericordia, coma as bágoas de Xesús pola morte do seu amigo Lázaro. Oremos

* Que as honras agarimosas, que presentamos aos restos dos nosos defuntos merezan a loanza que Xesús lle tributou a María, cando lle unxía con perfume os pés. Oremos

* Que poñamos máis teima e coidado nas oracións que che diriximos polos nosos defuntos que as flores e adornos das sepulturas. Oremos

* Que a nosa oración polos fieis defuntos estea iluminada pola esperanza de Marta, cando lle responde a Xesús sobre o seu irmán Lázaro: "Sei que resucitará no último día". Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS **páxina**

6.- ORACIÓN FINAL

Señor, Xesús: Ti, morto, non desdeñaches o coidado agarimoso dos brazos da túa Nai, a sepultura nova do piadoso Xosé da Arimatea e os perfumes das precavidas mulleres mentres vivías. Recibiches o obsequio e a axuda de quen cho ofreceu, ensinándonos a coidar durante a vida, aos máis necesitados dos nosos irmáns.

Concédenos a cantos hoxe honramos aos nosos defuntos coas nosas oracións, que non esquezamos pola axuda aos mortos, o servizo aos que aínda viven entre nós e están necesitados da nosa axuda caritativa. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 2º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura da carta do apóstolo Paulo aos tesalonicenses

1 Tes 4, 13-18

Non queremos, irmáns, que esteades desinformados verbo dos mortos, pra que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Porque, se cremos que Xesús viviu, morreu e resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús levará con el aos que xa morreron. Iso é o que vos dicimos apoiados na palabra do Señor. Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Señor, Xesús: Ti dixeches: "Eu son a Resurrección e a Vida; quen cre en min aínda que teña morto, vivirá, e todo o que vive e cre en min non morrerá pra sempre". Fiados na túa palabra, cremos que os nosos mortos, que creron en Ti, viven pra sempre. Atende agora as súplicas que por eles che diriximos dicindo "Señor, escoita e ten piedade"

* Polos nosos pais e devanceiros: pra que lles teñas en conta o moito que fixeron por nós, tanto no material, coma no espiritual, educándonos na fe. Oremos

* Polos nosos párrocos: pra que lles premies os seus traballos apostólicos en levarnos polos camiños do evanxeo. Oremos

* Polos nosos veciños e amigos: pra que lles teñas en conta os favores que recibimos deles, mentres viviron entre nós. Oremos

* Por todos os fieis defuntos, en especial por aqueles que non teñen quen se recorde deles: pra que acaden o que aquí creron. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS **páxina**

6.- ORACIÓN FINAL

Deus, a quen chamamos co doce nome de Pai. TÍ mandáchesnos o teu Fillo pra darnos vida abondosa. El venceu a morte, resucitando, coma Primoxénito de todos os que somos seus irmáns e teus fillos.

Nós alegrámonos, porque, se estamos suxeitos á morte, é pra pasar a unha vida mellor, e rezamos con san Paulo: "¿Onde está morte a túa vitoria; onde está morte o teu aguillón?". Nós confiamos que os que nos precederon viven pra sempre. Por iso che pedimos que algún día nos volvamos a encontrar con eles na vida feliz da eternidade, pra cantar pra sempre as túas misericordias. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 3º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Mateo

Mt 28, 1-8

Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Madalena e a outra María foron visitar o sepulcro. Entón produciuse un grande terremoto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela. Tiña o aspecto dun relampo e o seu vestido era coma a neve. Os gardas tremeron co medo, ficando coma mortos. Mais o anxo díxolles ás mulleres:

- Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado. Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vinde ver o sitio onde estaba. E ide axiña dicirlles aos seus discípulos: "Resucitou de entre os mortos e vai diante de vós para Galilea: alí o veredes". Elas marcharon do sepulcro pra llo comunicaren aos discípulos.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ páxina CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus, Ti dixeches na Sagrada Escritura que podemos estar certos de que "se morremos con Cristo viviremos con el; se sufrimos con Cristo, reinaremos con el". Escoita a oración que che facemos polos que xa non están con nós. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Por Xesús mandado ao mundo pra darnos vida eterna: fai que os nosos defuntos vivan pra sempre contigo. Oremos

* Por Xesús, que pra mostrar o seu poder sobre a morte, resucitou á filla de Xairo, ao fillo da viúva de Naím e a Lázaro, o seu amigo: fai que os nosos defuntos resuciten pra vida. Oremos

* Por Xesús, que asociou os nosos defuntos polo bautismo á súa morte e resurrección: fai que, mortos no Señor, resuciten con el. Oremos

* Por Xesús, que alimentou os nosos defuntos coa Eucaristía, sacramento da súa morte e resurrección: fai que pasen a gozar do convite do Reino do ceo. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS

páxina

6.- ORACIÓN FINAL

Señor e noso Deus, Ti puxeches no máis fondo das túas criaturas o desexo de non morrer e o anxeio de vivir sempre. Dámosche grazas porque respondiches a este desexo dos nosos corazóns, resucitando a Xesucristo, o teu Fillo feito home, e prometíchesnos que nel viviremos pra sempre. Suplicámosche que, os que aínda vivimos, non vivamos pra nós mesmos, senón pra el, que por nós morreu e resucitou, pra morrer nel e resucitar con el, e aos que xa morreron dálle a vida eterna prometida por Cristo noso Señor.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 4º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Mateo

Mt 22, 1-14

Naquel tempo Xesús púxose a falarlles en paráboas:

- Parécese o Reino de Deus a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían vir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles:

Dicídelles aos convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e os demais animais cebados; todo está disposto: ¡vinde á voda!. Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un as súas leiras, outro aos seus negocios. Os demais botáronse aos criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e

prendéronlle lume á cidade. E díxolles aos criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide as encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Sáiron aos camiños os criados e xuntaron a todos os que atoparon, enchéndose de convidados a sala da voda.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus, aos fillos do home dignácheste facernos fillos de teus,

doándonos o anticipo da graza nesta vida, que se trocará en gloria. Atende a oración que che facemos polos fieis defuntos. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Que as penas, os traballos e as dores sufridas neste mundo polos que xa morreron, lles teñan servido de purificación das súas debilidades humanas e pecados. Oremos

* Que os sufrimentos que nós padecemos, ofrecidos en proveito dos fieis defuntos, lles sirvan a eles pra entrar no Ceo. Oremos

* Que as obras que facemos en servizo dos máis necesitados na terra, lles sirvan de axuda na súa purificación aos nosos irmáns defuntos. Oremos

* Que as oracións que facemos nesta novena polos nosos irmáns que morreron no Señor, lles acaden o descanso eterno. Oremos

* Que a alegría de se sentiren xa salvados na esperanza sosteña aos fieis defuntos na espera de verte cara a cara pra gozar de Ti. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou **NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...**

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS

páxina

6.- ORACIÓN FINAL

Ben sabemos, Señor, que "se levas conta dos delitos, ¿quen poderá resistir?"; pero tamén cremos que "de Ti procede o perdón e a redención abundosa".

Ben sabes que necesitamos do teu amor e da túa misericordia pra sermos dignos de participar na túa vida divina.

E nós, aínda amando moito aos nosos seres queridos, non podemos

*menos que recoñecer as súas miserias,
faltas e pecados. E grazas á túa re-
velación temos a esperanza de que un
día poderán chegar a gozar da túa
presenza, na compañía dos santos.
Pedímosche, que pola nosa oración,
lles concedas ese día feliz. Por
Cristo, noso Señor. Amén.*

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 5º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Marcos

Mc 10, 23-27

Xesús mirando todo arredor, díxolles aos discípulos:

- ¡Que difícil lles vai ser aos ricos entrar no Reino de Deus!

E os discípulos ficaram moi sorprendidos por estas palabras.

Pero Xesús volveu a insistir:

- Fillos, ¡que difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado pra un camelo pasar polo ollo dunha agulla, que pra un rico entrar no reino de Deus.

Eles, moi asombrados, comentaban entre si:

- Entón, ¿quen se vai poder salvar?

Xesús mirando para eles fixamente, dixo:

- Si, pra os homes é imposible, pero para Deus todo é posible.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ páxina CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus e Señor noso, a quen chamamos Pai: ti, coma os pais da terra, dóasnos regalos e acompañasnos nos sufrimentos, pra facernos fillos teus. Escoita, pois a nosa oración polos fieis defuntos. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Eles ven, coma os santos deste mundo o viron, que os traballos da vida lles serviron pra purificarse das súas culpas: que tamén nós, os que vivimos, ofrezamos os nosos, en descargo das nosas faltas e pecados. Oremos

* Eles comprenden que Deus os quere facer gozar da súa mesma vida e felicidade: que nós tamén entendamos que as probas as que estamos sometidos neste val de bágoas tamén nos poden aproveitar grazas ao amor que Deus nos ten. Oremos

* Eles senten a Deus como a súa vida, e mentres non o posúen, viven morrendo de pena: que nós creamos que Deus nos fixo para el e o noso corazón está inqueda ata que non atope nel o seu descanso. Oremos

* Eles quixeran ter pasado o limiar da morte libre de toda escoria, que se lles foi pegando durante esta vida: que nós nos vaiamos desprendendo de todo pecado e de todo aquilo que del nos separa. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS

páxina

6.- ORACIÓN FINAL

Deus, Ti amosas o teu poder e a túa xustiza coa misericordia e o perdón. Recibe o esforzo que pomos estes días en facer de ti o termo das nosas vida, en desprendernos do que atranque a vida divina en nós, en aceptar os traballos coma purificación dos nosos pecados, en facernos mellores cristiáns orando e sacrificándonos máis. Dígnate adiantarlles aos nosos irmáns defuntos a hora da aperta contigo, na que vivirán felices pra sempre. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 6º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura da carta do apóstolo Paulo aos Corintios

I Cor 12, 12-30

Irmáns, igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, pra formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Pois ben, o corpo non está formado por un único membro senón por moitos. Ben, pois vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ páxina CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus e Señor noso: Ti que, mandando o teu Fillo, quixeches constituílo Cabeza de todos os que cren nel, escoita a oración que, coma membros do seu Corpo, facemos uns polos outros. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Santos, nosos irmáns, que no ceo acadastes o remate do camiño, ao que todos aspiramos: que a vosa intercesión ante Deus axude a pobreza das nosas oracións polos irmáns defuntos. Oremos

* Fieis defuntos, que vos preparades pra entrar na felicidade dos santos: que as nosas oracións e boas obras vos sirvan de axuda pra achegar o voso encontro cos santos. Oremos

* Santos e fieis defuntos, que na vosa peregrinación neste mundo, fostes exemplo de caridade e solicitude polos demais irmáns da Igrexa: que, seguindo o voso exemplo, nos portemos coma irmáns uns cos outros. Oremos

* Vós fostes aquí modelo do interese pola Igrexa, que peregrina na terra: que nós nos sintamos membros da Igrexa e participemos na súa misión de espallar o Reino de Deus. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS

páxina

6.- ORACIÓN FINAL

Señor Xesús, Ti ensináchesnos a pedir "Veña a nós o teu Reino", e pra espallalo, constituíches a túa Igrexa, coma un Corpo, na que todos somos chamados a ela, temos a responsabilidade de que se estenda a todo o mundo. Concédenos que non nos contentemos con traballar pola nosa salvación, senón que oremos e traballemos pra que chegue o teu Reino ás nosas familias, aos fieis da nosa parroquia, de todas as parroquias da diocese, e da Igrexa universal, da mesma maneira que agora che pedimos que os fieis defuntos cheguen a gozar da plenitude do teu Reino no ceo. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 7º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Mateo

Mt 25, 14-30

Dixo Xesús esta parábola: é o Reino do ceo coma un home que tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulle o coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou. De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Pero o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondeu os cartos do seu amo.

Ao cabo de moito tempo chegou o Señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "Señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". Díxolle o Señor: "Ben, criado

fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu Señor".

Chegou o que recibira dous talentos e dixo: "Señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei". E díxolle o Señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu Señor".

Chegou tamén o que recibira un talento e díxolle: "Señor, sei moi ben que es un home duro, que seituras onde non sementaches e recolles onde non espallas. Por iso collín medo, e fun agachar na terra o teu talento; aquí tés o que é teu". Pero o Señor respondeulle: "¡Mal criado, lacazán! ¿Con que sabías que colleito onde non semento e recollo onde non boto? Pois, puxeras os meus cartos no banco e, así, cando eu volvese, podía coller os cartos e os intereses. Así que quitádelle o talento e dádello ao que ten dez. Porque ao que ten,

háselle dar e abondo; pero ao que non ten, aínda o que cre ter se lle ha quitar. E ó criado inútil botádeo fóra.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus e Señor noso: Ti dixéchesnos por boca de Xesús que ao final da vida seríamos xulgados polo amor aos irmáns. Suba ata Ti a nosa oración polos fieis vivos e defuntos. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Perdoa aos fieis defuntos as faltas cometidas contra os irmáns e fai que nós non caiamos no mesmo pecado. Oremos

* Perdoa aos fieis defuntos, que non deron de comer ao famento, que non vestiron ao espido, que non visitaron ao triste, e concédenos aos que aínda vivimos que axudemos aos nosos irmáns nas súas necesidades. Oremos

* Perdoa aos nosos fieis defuntos, que non fixeron fructificar os seus talentos en proveito dos demais e anímanos a nós a por as nosas cualidades ao servizo dos outros. Oremos

* Perdoa aos fieis defuntos aquilo que deixaron de facer a prol da Igrexa e espértanos para que nós saiamos da nosa preguiza e sexamos membros activos do Pobo de Deus. Oremos

Rematamos estas pregarias coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS

páxina


6.- ORACIÓN FINAL

Pai de bondade e misericordia, Ti mandáchesnos o teu Fillo coma Bo Pastor, pra que trouxese as ovellas espaxadas ao rebaño; nós temos a sorte de ter sido chamados á Igrexa, pero ¡cantos dos chamados foron infieis e cantos aínda non escoitaron a voz do Bo Pastor!. Queremos hoxe agradecerche o don da fe, non gardando a súa luz debaixo da artesa, senón pódoo no alto pra que alumee a todos. Así como hoxe axudamos aos nosos irmáns defuntos, pra que brille pra eles a luz eterna, axúdanos a manter a luz da nosa fe, pra iluminar aos vivos. Por Cristo, noso Señor. Amén.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 8º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do Evanxeo de San Mateo

Mt 6, 19-21

Díxolles Xesús aos seus discípulos:
-Non amoreedes tesouros na terra onde a traza e a ferruxe acaban con eles, e os ladróns asaltan as casas pra roubalos.

Amoreade tesouros no ceo, onde non hai traza nin ferruxe que acaben con eles, nin ladróns que asalten e os rouben. Que onde está o teu tesouro está o teu corazón.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Deus e Señor noso: Ti que non quixeches que a morte fose a separación definitiva dos nosos defuntos, antes ben, dispuxeches que puidese haber intercomunicación con eles, mediante a oración e as boas obras: acepta, pois, as nosas oracións por eles. Dicimos "Señor, escoita e ten piedade"

* Que todo canto facemos de bo cada día da nosa vida sirva pra sufragar o déficit de vida cristiá, co que a morte puido encontrar aos nosos irmáns. Oremos

* Que medre en nós a estima pola Misa e as celebracións da Palabra, sabendo que o Pan da vida de Cristo foi tamén alimento de salvación para os fiéis defuntos. Oremos

* Que cando participemos na oración litúrxica dos funerais e cabodanos, oremos prestando a nosa boca á santa Igrexa, que ora connosco. Oremos

* Que se esperte en nós o desexo de orar con maior frecuencia e fervor, pensando que son moitas as persoas que o esperan con ansia. Oremos

* Que practiquemos sobre todo aquelas accións e oracións, ás que a Igrexa engade o valor da coherencia evanxélica. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS **páxina**


6.- ORACIÓN FINAL

Señor Xesús: Ti, movido pola dor da viúva de Naím, polos pedimentos de Xairo e pola amizade de Marta e María devolviches á vida aos seus seres queridos. escoita as nosas súplicas, ten en conta as nosas oracións polos nosos e por todos os defuntos, e pola túa infinda piedade líbraos do resto dos seus pecados e lévaos a gozar contigo na gloria do Pai. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA POLOS DEFUNTOS

DÍA 9º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA ♪ n^o 3

Unha xuntanza de amor

Monitor/a

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Benvidos sexamos todos a este encontro de oración. Reunímonos coma comunidade que quere facer lembranza agradecida dos que antes que nós compartiron esta terra. Animados pola fe en Cristo Resucitado compartimos a nosa esperanza que non decae.

Os que morren no Señor espéraos a mesma sorte de Xesucristo, vencer a morte. Consolados nesta fe dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus e a rezar polos irmáns e irmás defuntos.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Lectura do libro da Apocalipse

Ap14,13

E oin unha voz do ceo que me dicía: "Escribe: Benia os mortos que, de agora en diante, morran no Señor. Si -di o Espírito-, que descansen das súas fatigas, porque as súas obras van con eles.

PALABRA DO SEÑOR

Monitor/a

Sentamos e gardamos uns instantes en silencio pra acoller esta Palabra de Deus que acabamos de escoitar.

3.- CANTAMOS ♪ *páxina* CANTARES DE RESURRECCIÓN

4.- PREGARIAS NA MEMORIA DOS DEFUNTOS

Monitor/a

Señor noso Deus: Ti que nos creaches, coñeces moi ben o anxeio de sermos felices que puxeches no noso corazón, e asegúranos que este noso anxeio será cumprido. Permite que che expresemos este desexo coa nosa oración dicindo "Señor, escoita e ten piedade"

* Que os bens deste mundo non nos sirvan de atranco pra acadar os eternos, antes ben nos alenten a acadalos. Oremos

* Que aprendamos e sigamos o camiño do ceo, que non é outro que o das benaventuranzas: "Benaventurados os pobres, porque deles é o reino do ceo". Oremos

* Que os que hoxe estamos apurando o camiño das benaventuranzas, sexamos un bo exemplo de evanxeo pras xeracións vindeiras. Oremos

* Que os fieis defuntos, que se esforzaron en desexos da eterna felicidade, sexan o noso modelo de como temos que desexala nós sobre todas as cousas. Oremos

* Que os que loitan pola paz, pola irmandade, pola concordia, polo diálogo, sigan sendo exemplo pra unha nova e mellor humanidade. Oremos

Rematamos estas pregarías coa oración que o mesmo Xesús nos ensinou
NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO ...

5.- INVOCACIÓNS ESPERANZADAS **páxina**

6.- ORACIÓN FINAL

Deus todopoderoso: Ti fas posible ao home este desexo imposible de chegar a ser o home en plenitude, mediante a participación da túa

divindade. Concédenos que nesta vida traballemos por acadar pra nós e pra os demais o desenvolvemento de todas as nosas posibilidades humanas, e o que non podemos acadar dánolo Ti pola túa misericordia no ceo; e aos fieis defuntos, polas nosas oracións e boas obras, concédelles que poidan ser felices contigo no Reino. Por Cristo, noso Señor. Amén

Que o Señor, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

CANTARES DE RESURRECCIÓN

1.- Cando a morte, Señor, nos rodea
entre bágoas e mostras de dor.

**O QUE IMPORTA, SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN,
O QUE IMPORTA, SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN**

2.- Non importa, Señor que a morte
nos sacuda con forza e paixón.

3.- Anque o loito semente tristura,
anque a morte nos traia o seu son.

4.-Anque as bágoas discorran lixeiras
enchoupando a nosa canción.

INVOCACIONES ESPERANZADAS

Señor Xesús, co corazón doído,
acompañas á familia do teu amigo Lázaro;
 nós, co corazón doído,
 queremos estar á beira
de quen perde a seres queridos

Señor Xesús, con tenrura,
compadéceste da viuva de Naín:
 nós, con tenrura,
 lembramos a cantos morren
na necesidade e na inxustiza

Señor Xesús, con coherencia,
 dásnos vida dende a cruz:
 nós, coa oración e na vida,
acompañamos a cantos viven crucificados
 na soidade

Señor Xesús, con esperanza
 e dende a cruz,
pos a túa vida nas mans de Deus Pai,
 nós, con esperanza,
 recordamos aos defuntos
e confiámonos nas mans de Deus Pai.



Dálles señor o descanso eterno.
Brille pra eles a luz eterna.
Descansen en paz